

A MIN CONTÁRONME...

PETER JAHNEN

ALEMAÑA

OFF 1: Peter chegou a Galicia hai 21 anos. Actualmente vive en Santiago de Compostela coa súa parella e coas súas dúas fillas e o seu fillo.



CORTE 1 ENTREVISTA (12 seg.)

- Seguiches coas túas tradicións neste país? Transmitíchesllas aos teus fillos?

“Pois un cincuenta por cento máis ou menos, como a miña muller é de España, de Castela, temos como unha competencia das nosas orixes culturais e eu intento cumprir coa miña contando aos nosos fillos, que son tres, os contos do meu país ”

OFF 2: Peter contounos “Os músicos de Bremen”, un conto moi coñecido de orixe alemá, do que existen versións en moitas culturas e linguas diferentes.

“O conto, Os músicos de Bremen, trata de catro animais, xa de avanzada idade, cuxos amos decidiron sacrificarlos por ser inútiles. Tratábase dun asno, un can, unha gata e un galo. Para evitar ese destino, a mala sorte de acabar desa maneira a súa vida, escaparon dos seus donos e cada un deles saíu á estrada, onde se atoparon por casualidade. Despois fixeron plans para ao mellor poder formar un grupo de música, porque cada un tiña os seus dons como cantante, e entón foron en dirección a Bremen, que era a cidade máis próxima. Logo pasaron por un bosque, entrólles moito sono e fame, viron unha luz entre as árbores e acercáronse.”

OFF 3:

Un exemplo destacable da tradición oral deste país son os contos dos irmáns Grimm. Son unha serie de historias breves de carácter oral procedentes do centro de Europa e que se estenderon sobre todo por Alemaña. Isto foi principalmente grazas aos dous irmáns, Jacob e Wilhem, que no século XVIII recorreron o territorio para recopilar contos, lendas e outros elementos da tradición oral.